

**C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA**

|               |                    |      |  |
|---------------|--------------------|------|--|
| Materia       | ATENCIÓN EDUCATIVA | Pág. |  |
| Curso / Ciclo | 4º ED. INFANTIL    |      |  |
| Profesor/a    | PILAR GÓMEZ PROL   |      |  |

**OBXECTIVOS**

- Adquirir hábitos básicos de hixiene
- Adquirir hábitos saudables de alimentación
- Interiorizar normas básicas de comportamento
- Respetar as normas, os compañeiros/as e os adultos
- Coñecer e interiorizar as normas básicas de Educación Vial
- Descubrir as propiedades da auga a través de act. de manipulación e experimentación
- Desenvolver actitudes de coidado e respecto cara o mundo animal
- Coñecer e evitar os obxectos de risco e situacións perigosas no fogar

**CONTIDOS**

- Control de esfínteres, abandono do cueiro e uso correcto do inodoro
- Interese por presentar un aspecto persoal limpo
- Interiorización de hábitos de hixiene básicos: lava-las mans despois de ir ao baño
- Discriminación de alimentos saudables dos que non o son
- Adquisición de hábitos de hixiene relacionados coa alimentación: lava-las mans antes de comer, cepilla-los dentes...
- Coñecemento das consecuencias dunha mala alimentación: caries, sobrepeso
- Gusto polos alimentos sanos e nutritivos
- Coñecemento e interiorización de normas básicas de comportamento
- Respetto cara as normas de Ed. Vial
- Interese por coñecer as normas básicas de comportamento como peón
- Interiorización de normas de comportamento nas saídas
- Adquisición de pautas de conducta axeitadas nos transportes públicos
- A auga: propiedades
- Valoración da vida animal
- Respetto cara os animais do noso contorno
- Espazos e elementos de risco na casa
- Recoñecemento de obxectos potencialmente perigosos
- Interiorización de pautas de conducta axeitadas no fogar para previr posibles accidentes

**METODOLOXÍA**

Á hora de programar as actividades procuraremos:

- Partir dos intereses e necesidades dos nenos/as para conseguir unha actitude favorable cara ás novas aprendizaxes e que estas poidan ser significativas
- Propoñer actuacións dirixidas ás peculiaridades persoais e aos diferentes momentos evolutivos e ritmos de aprendizaxe
- Fomentar a comunicación e a interrelación entre os membros do grupo para desenvolver actitudes de axuda , colaboración e empatía

## **C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA**

- Desenvolve-las actividades nun clima afectivo e de confianza
- Levar a cabo actividades globalizadas que provoquen a entrada en funcionamento tódalas capacidades
- Manter unha estreita comunicación coas familias para evitar situacións que poidan producir inseguridade nos nenos e nenas

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Empregarase como instrumento de avaliación a observación continua dos traballos dos alumnos/as así como do seu comportamento cos seus compañeiros/as e coas mestras